

**PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR CON PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO UNHA PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN, DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA DE XESTIÓN, NO CONCELLO DE LAXE E CREACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA (persoal funcionario interino por acumulación de tarefas)**

**SEGUNDO EJERCICIO FASE DE OPOSICIÓN. XOVES 06/05/2021**

**CASO PRÁCTICO 1.-**

Estamos redactando o prego para a contratación do subministro de céspede artificial do campo municipal de fútbol. Tendo en conta o que o art. 145.7 LCSP 2017 define como mellora, en canto a criterios de adjudicación dun contrato:

- ¿Poderíase incluír como mellora o subministro de céspede artificial para a súa instalación na piscina municipal?
- ¿Poderíase incluír como mellora o subministro de equipamento adicional para o campo de fútbol, como por exemplo papeleiras, ou outros elementos a colocar no recinto?
- ¿Poderíase incluír como mellora a instalación dun sistema de rego automático para o céspede?

**CASO PRÁCTICO 2.-**

Polo concello preténdese realizar un contrato de servizos mediante contrato menor a un profesional (avogado) para a interposición dun recurso contencioso-administrativo, dada a premura dos prazos e non contando este concello con servizos xurídicos suficientes para facer fronte a este procedemento.

Se ben o importe non supera o límite dos 15.000,00€, a duración do contrato podería ser superior a un ano. Polo tanto, ¿é legalmente viable o procedemento de adjudicación directa mediante un contrato menor para este contrato?

**CASO PRÁCTICO 3.-**

Este Concello licitou un contrato de obras por procedemento aberto simplificado. Tras presentar a empresa con mellor oferta económica a garantía definitiva, procedeuse á adjudicación e formalización do contrato.

Antes de iniciar as obras, o contratista comunícanos a disolución da empresa e que non poden executar a obra.

- Podemos adjudicar a obra ao clasificado en segundo lugar, ou é necesaria una nova licitación?
- Cabería unha cesión do contrato en favor do segundo clasificado?
- Procede a incautación da garantía definitiva?

**CASO PRÁCTICO 4.-**

Por un veciño desta localidade preténdese levar a cabo una obra de cerramento dunha terraza da súa vivenda e expón ante este Concello se é necesario algún tipo de título habilitante ao efecto.

Sería necesario que solicitase licenza ou bastaría cunha comunicación previa para a realización de tal actuación?